

1.6. Convergencia


AO LONGO DO PERÍODO 2000–2007 GALICIA EXPERIMENTOU UNHAS TAXAS DE CRECEMENTO MEDIAS anuais acumulativas da súa produción, emprego e poboación inferiores ás medias españolas. Os datos da Contabilidad regional de España (fonte INE) reflicten que a economía galega presenta neses anos unha taxa de crecemento medio do 3,2%, dúas décimas menos que a media española. Este diferencial aumenta ata as oito décimas no caso do número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social (o crecemento medio en Galicia foi do 2,9%, fronte ao 3,7% de media en España), e supera o punto e medio no caso da poboación empadroada (medra un 0,3% de media en Galicia e 1,9% no conxunto do Estado).

Tendo en conta esta evolución, o **cadro 1.6.1.** reflicte o descenso da importancia relativa da poboación galega, manténdose o da produción galega, medida en termos do PIB a prezos de mercado (prezos correntes). Asemade, por primeira vez nos sete anos considerados non se produce unha caída do peso relativo do emprego.

A evolución do PIB per cápita reflicte que a economía galega rexistra ao longo dos últimos anos un proceso de converxencia á media española e europea (UE-27). Se se considera a media española=100, este acadou en 2007 un valor de 84,6, case sete puntos porcentuais por riba do valor do ano 2000. En relación á media dos vinte e sete países europeos (UE=100), o PIB nominal por habitante acadou en 2005 (último dato dispoñible) un valor de 84,2, situándose este indicador nos 103,0 puntos no conxunto do Estado.

Convergencia coa media estatal

Ao longo do ano 2007, a economía galega volveu a experimentar un crecemento superior ao rexistrado tanto no conxunto do Estado como no promedio dos 27 países comunitarios. Nese ano, o PIB galego a prezos de mercado (prezos constantes) medrou un 4%, dúas décimas por riba do experimentado en España (fonte INE) e máis dun punto porcentual superior ao da UE-27.

Participación da produción⁽¹⁾, a poboación e o emprego⁽²⁾ galego no total español 2001-07

(1) PIB a prezos de mercado. Prezos correntes

(2) Poboación afiliada á Seguridade Social

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.6.1.

Converxencia das CC.AA. en termos de PIB por habitante fronte a España e a Unión Europea

	PIBR por habitante (1)						PIB por habitante (poder de compra)				
	2000	2005	2006	2007	06-00	07-06	2000	2004	2005	05-00	05-04
	(media española= 100)			(variación absoluta)			(media UE-27=100)			(variación absoluta)	
Andalucía	73,7	78,1	78,2	78,2	4,5	0,0	71,9	78,1	80,4	8,5	2,3
Aragón	104,5	106,3	106,5	108,4	2,0	1,9	102,0	107,8	109,5	7,5	1,7
Asturias	83,6	87,6	89,0	90,6	5,5	1,6	81,5	87,2	90,2	8,7	3,0
Baleares	123,2	110,4	109,0	107,9	-14,2	-1,1	120,2	114,2	113,7	-6,5	-0,5
Canarias	94,8	91,0	90,1	89,8	-4,7	-0,3	92,5	93,1	93,7	1,2	0,6
Cantabria	93,5	97,9	98,6	99,9	5,1	1,4	91,2	98,3	100,9	9,7	2,6
Castela e León	90,5	94,1	95,1	96,6	4,6	1,5	88,3	95,0	97,0	8,7	2,0
Castela-A Mancha	78,6	79,5	79,4	79,3	0,8	0,0	76,7	79,8	81,8	5,1	2,0
Cataluña	121,8	118,5	118,1	117,3	-3,8	-0,7	118,9	121,1	122,1	3,2	1,0
C. Valenciana	96,5	92,1	91,6	90,8	-4,9	-0,8	94,1	94,3	94,8	0,7	0,5
Extremadura	63,7	67,7	67,5	68,7	3,9	1,2	62,1	67,1	69,7	7,6	2,6
Galicia	77,7	81,7	83,3	84,6	5,6	1,3	75,8	81,4	84,2	8,4	2,8
A Coruña	79,9	86,1	-	-	-	-	78,0	85,5	88,7	10,7	3,2
Lugo	74,1	77,3	-	-	-	-	72,3	75,8	79,6	7,3	3,8
Ourense	70,3	74,9	-	-	-	-	68,6	73,0	77,1	8,5	4,1
Pontevedra	79,3	80,6	-	-	-	-	77,4	81,8	83,1	5,7	1,3
Madrid	136,0	130,0	129,1	128,1	-6,8	-1,1	132,7	132,6	133,9	1,2	1,3
Murcia	83,9	85,1	84,9	83,7	1,0	-1,2	81,9	85,1	87,7	5,8	-0,6
Navarra	127,3	125,5	125,1	126,0	-2,2	0,9	124,2	127,0	129,2	5,0	-0,1
País Vasco	122,5	127,0	129,1	130,8	6,5	1,7	119,6	126,5	130,8	11,2	1,5
A Rioxa	113,9	106,8	105,9	105,6	-8,0	-0,2	111,1	109,7	110,0	-1,1	-2,1
Ceuta	85,2	90,8	92,4	94,0	7,2	1,7	83,2	90,7	93,5	10,3	1,3
Melilla	84,4	88,6	90,0	90,1	5,6	0,2	82,4	88,1	91,3	8,9	1,7
Total	100	100	100	100			97,6	101,2	103,0	5,4	0,0

(1) Datos do INE, Contabilidad Regional de España base 2000. Serie 2000-2007 (prezos correntes)

(2) Datos 2006 Avance e 2007 primeira estimación

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España, e Eurostat

1.6.2.

Renda familiar bruta en poder de compra nas CC.AA. 2000-07

	2000	2007	2000	2007	Diferencial 2007 - 2000	
	(en €)		(media española= 100)		(en €)	(puntos porcentuais)
Andalucía	9.595	13.174	79,9	82,0	3.579	2,1
Aragón	13.420	17.942	111,8	111,7	4.522	-0,1
Asturias	11.202	16.182	93,3	100,8	4.980	7,4
Baleares	13.801	16.160	115,0	100,6	2.359	-14,4
Canarias	11.261	15.320	93,8	95,4	4.059	1,6
Cantabria	12.041	17.165	100,3	106,9	5.124	6,6
Castela-A Mancha	11.061	14.690	92,2	91,5	3.629	-0,7
Castela e León	12.087	17.526	100,7	109,1	5.439	8,4
Cataluña	13.470	16.811	112,2	104,7	3.341	-7,5
C. Valenciana	11.449	14.414	95,4	89,8	2.965	-5,6
Extremadura	9.603	14.697	80,0	91,5	5.094	11,5
Galicia	10.636	15.269	88,6	95,1	4.633	6,5
Madrid	14.482	19.048	120,7	118,6	4.566	-2,0
Murcia	10.321	12.943	86,0	80,6	2.622	-5,4
Navarra	14.686	20.707	122,4	128,9	6.021	6,6
País Vasco	14.125	20.460	117,7	127,4	6.335	9,7
A Rioxa	13.720	17.022	114,3	106,0	3.302	-8,3
Ceuta	11.124	16.727	92,7	104,2	5.603	11,5
Melilla	11.316	17.030	94,3	106,0	5.714	11,8
Total	12.003	16.059	100	100	4.056	

Fonte: Funcas

1.6.3.

O indicador PIB rexionalizable per cápita amosa que no último ano continúa o proceso de achegamento á media española. En 2007, este indicador acada os 84,6 puntos (media española=100), un punto e tres décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 77,7% ata os devanditos 84,6%.

Tras este incremento, Galicia sitúase no último ano como a quinta comunidade co menor valor do PIB rexionalizable per cápita, tan só por riba do rexistrado nas comunidades autónomas de Extremadura (68,7%), Andalucía (78,2%), Castela-A Mancha (79,3%) e Murcia (83,7%).

En canto ao indicador da Renda Familiar Bruta (RFB) en poder de compra, este ascendeu en 2007 ata os 15.269 euros, o que representa o 95,1% da media estatal. Comparado coas outras CC.AA., Galicia é a sexta comunidade autónoma con menor ratio, por diante de Murcia, Andalucía, a C. Valenciana, Castela-A Mancha e Extremadura. En relación á situación de 2000, o **cadro 1.6.3.** indica que, en termos relativos, Galicia rexistrou un avance de seis puntos e medio, ao medrar dende o 88,6% dese ano ao devandito 95,1%.

Converxencia coa media europea

O produto interior bruto por habitante en Galicia experimentou en 2005 (último ano dispoñible) un importante crecemento, acadando un PIB per cápita equivalente ao 84,2% da media dos vinte e sete países da actual Unión Europea (103% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia segue sendo a cuarta comunidade autónoma co menor índice, superando novamente a Extremadura (69,7%), Andalucía (80,4%) e Castela-A Mancha (81,8%).

Os datos recollidos no devandito **cadro 1.6.2.** indican que o proceso de converxencia non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. No caso galego, o PIB per cápita mellora en máis de oito puntos porcentuais entre os anos 2000 e 2005 (tres puntos máis que no conxunto do Estado).

A provincia de A Coruña, que é quen presenta a maior aproximación á media comunitaria, rexistra sempre valores superiores aos do conxunto da comunidade autónoma. Tras unha medra de case once puntos porcentuais entre os anos 2000 e 2005, o seu PIB per cápita sitúase no 88,7% da media dos vinte e sete países da UE. Séguelle Pontevedra,

que tras unha mellora de case seis puntos, acada o 83,1% da media europea. O PIB por habitante na provincia de Lugo ascende ata o 79,6% da media da UE, en tanto que o de Ourense supera por primeira vez o 75% da media (77,1% en 2005). ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.